Fernández del Riego achou na súa pescuda un libro e unha data con fonda significación no eido literario galego. Este libro é "Cantares Gallegos" de Rosalía de Castro, publicado no ano 1863 e ademais xusto ¡Vai cumpri-lo centenario!. ¡Xa está! Podemos celebrar-lo Día das Letras Galegas o 17 de maio de 1963, conmemorando o Centenario da publicación do libro, A Academia Galega aceptou a proposta de Fernández del Riego, así que a partires dese ano acórdase celebrar esta data, en homenaxe a un escritor xa falecido, pola súa obra en galego.

O 17 de maio é verdadeiramente un gran día de festa. Este feito é moi importante para tódolos galegos porque o libro de Rosalía de Castro significa a reaparición da lingua galega como lingua culta e literaria.

A nosa fala é unha ferramenta xeitosa para expresar toda clase de sentimentos e de coñecementos. Resumindo, é a festa da cultura galega.

Imos facer historia desta data:

1963 - Rosalía  
1964 - Castelao  
1965 - Pondal  
1966 - F. Añón  
1967 - Curros  
1968 - F. Cuevillas  
1969 - N. Varela  
1970 - M. Valladares  
1971 - G. López  
1972 - L. Carvajal  
1973 - M. Lago

1974 - X. Vicente Viqueira  
1975 - X. Manuel Pintos  
1976 - R. Cabanillas  
1977 - Vilar Ponte  
1978 - A. López Ferreiro  
1979 - Manoel Antonio  
1980 - Alfonso X el Sabio  
1981 - V. Risco  
1982 - Amado Carballo  
1983 - Leiras Pulpeiro  
1984 - Armando Cotarelo  
1985 - Lousada Dieguez  
1986 - Aquilino Iglesia  
1987 - Francisca Herrera  
1988 - Otero Pedrayo  
1989 - Celso Emilio Ferreiro  
1990 - Luis Pimentel

Polo tanto agora imos dar de seguido un lixeiro repaso que nos sirva para ter unha idea de quen foi Luis Pimentel e a súa aportación ó desenrolo e espallamento das Letras Galegas.

Luis Pimentel, poeta e médico lucense (1895-1958), residiu case toda a vida en Lugo, a non se-los seus anos de estudante en Santiago e a estancia en Madrid por mor de face-lo doutoramento. Nesta capital entra en contacto cos autores da poesía da Xeración do 27.

Obra, en vida so publicou algúns poemas en "Ronsel" e outras revistas da época, aparte un folleto de oito poemas "Triscos". O resto da súa produción será publicado póstumamente. En 1959 aparece "Sombra do aire na herba", que recolle cáseque tódolos seus textos galegos. Outras obras son: "Barco sin luces" e "Cunetas sobre a guerra Civil", nesta última manifestou o horror que sentia polos acontecementos da época.

Nos seus versos nótase a influencia dos autores coma Rosalía, Bécquer, Rubén Darío... xeración do 27 como Dámaso Alonso ou J.R. Jiménez. Predomina o verso gris. Renuncia á rima e á estrofa, o que dá ós versos un aire de prosa poética inzada de musicalidade e de exquisita delicadez. Todo este mundo poético está constituído por seres e obxectos que convidan á intimidade, ó recollemento: nenos, hospitais, solainas... todos estes elementos están transidos dunha grande ternura e sensibilidade, e terriblemente solidaria coa dor e os sufrimentos.

De sutaque sorprendín á mañá  
entrando na vila,  
cantando da man da fina chuvia.  
Cos pés espidos e mollados  
viña dos camiños verdes, profundos.  
Dedos de vento transparentes, valeiros,  
en brufidas bandexas.  
Sherzo da roca na acera.  
Leda Canción.

(Sombra do aire na herba)

Esta é unha pequena mostra da súa poesía.

Loli López

# El Centro Galego participa en los actos de las "Festes de Maig"

Presencia activa en la Ofrenda floral y Batalla de Flores



Como todos los años el "Centro Galego" participó con una presencia activa y significativa en los actos de las "Festes de Maig" de Lleida en honor de Sant Anastasi.

Así el día 11 de mayo, festividad del patrono de la Ciudad, un numeroso grupo de nuestros jóvenes ataviados con el traje regional de Galicia y que forman a la vez el grupo de danza del Centro, asistieron a la procesión que desde la Catedral partió con la imagen de Sant Anastasi a la Plaça de Sant Joan en donde tuvo lugar la ofrenda floral, con la participación de varios miles de niños y jóvenes que depositaron sus flores a los pies de la imagen del patrono de Lleida. Así lo hizo también la representación del Centro, que ofreció ramos de margaritas azules y blancas, los colores de la bandera de Galicia.



Por la tarde del mismo día 11 el Centro participó con una alegórica carroza dedicada a ensalzar el buen vino de la "terraña" en la tradicional y popular "Batalla de Flores". Nuestro Centro, como ya es habitual ganó uno de los premios por la belleza y singularidad de la carroza. "Revetlla" en los "Camps Elisis"

Otro de los actos festivos en los cuales nuestro querido Centro estuvo presente fue la popular "revetlla" de los "Camps Elisis" con la participación de todas las casas regionales de Lleida. Allí, en nuestro pequeño "chiringuito", el público asistente pudo degustar nuestro buen vino de ribeiro y el succulento pulpo gallego.

J.C.

*Ya tenemos grandes Planes para su Jubilación.*

# PREPARESE PARA COBRAR SIN TRABAJAR.

\*Según el artículo 1º de la Ley de Planes y Fondos de Pensiones.

Ya tenemos grandes planes para que el día que se jubile usted viva como ahora, o mejor. ■ **DESGRABE ANTES DEL 31 DE DICIEMBRE** ■ Ya tenemos grandes planes para que pueda beneficiarse de todas las ventajas de la nueva Ley de Planes y Fondos de Pensiones\* ■ Ya tenemos grandes planes para que obtenga importantes beneficios fiscales, desde ahora mismo, mientras asegura su futuro ■ Pregunte al Hispano y prepárese para cobrar sin trabajar.




PLAN DE  
PENSIONES  
HISPANO



**Banco Hispanoamericano**

Banco de Jerez, Banco del Norte, Banco Mercantil de Aragón

*¡Lo Hispano marcha!*



Blondel, 27 - Tel. 27 31 61 - 25002 LLEIDA  
Plaza Mercadal, 10 - Tel. 44 65 36 - 25600 BALAGUER (Lleida)

## El Centro Galego colabora en el "XLIX Concurs dels Fanalets de Sant Jaume"



**E**l Centro Galego de Lleida, como conmemoración de la festividad de su patrono el apóstol Santiago y fiel a su deseo de participar y colaborar con las tradiciones populares de Lleida, otorgará uno de los premios del XLIX "Concurs dels Fanalets de Sant Jaume" que todos los años convoca la "Agrupació Ilerdenca de Pessebristes".

El premio del Centro Galego será otorgado al mejor "fanalet" presentado a concurso con motivos jacobeos-compostelanos, formando parte del Jurado el presidente del Centro o persona en la que él delegue.

### La tradición y la leyenda

Todos los "Fanalets" concursantes deberán ser presentados, según las bases hechas ya públicas por la Entidad convocante, el día 16 de julio, de 6 a 8 de la tarde. Los "fanalets" participarán en la tradicional Romería que se celebrará el día 24 de julio a las 9 de la noche y en la cual los niños de Lleida recorren las calles de la ciudad con sus "fanalets" encendidos rememorando la antigua leyenda que asegura que Sant Jaume pasó por nuestra ciudad para predicar el Evangelio. Fue en el lugar en donde se levanta la capilla del "Peu del Romeu" en donde según la tradición se clavó una espina en el pie que no le dejaba andar. La narración popular sigue explicando que fueron unos ángeles, con "fanalets" encendidos los

que alumbraron al apóstol, en las tinieblas de la noche, para que pudiera sacarse la espina dolorosa.

Esta leyenda, la tradición mantenida al paso de los años y es a la que el Centro Galego quiere contribuir con este premio que fuera ya otorgado en la anterior edición del "Concurs de Fanalets".

Invitamos a nuestros socios y amigos a que tomen parte en este concurso y presenten su "fanalet" con motivos jacobeos-compostelanos y que sean muchos los niños, hijos de nuestros socios, los que acudan a la tradicional Romería, para cantar un año más aquella simpática tonadilla que a todos nos llena de "morriña":

*"Sant Jaume ve de Galícia,  
Sant Jaume ve d'Aragó,  
portant-nos als fills de Lleida,  
la fe de Nostre Senyor".*

Por otra parte, el Centro pretende realizar, con la "Agrupació de Pessebristes" otras acciones conjuntas en la fiesta de Sant Jaume, como podría ser la participación y presencia significativa de nuestro Centro en la "Romería dels Fanalets" y una ofrenda floral a Sant Jaume en la capilla del "Peu del Romeu", destacando así el carácter de fiesta grande que el día 25 de julio tiene para los gallegos que viven en Lleida.

J. Curcó

# Betanzos: consideracións sobor do seu emplazamento xeográfico

*M<sup>a</sup> Teresa Rodríguez Facal*

Betanzos atópase situado enriba dun pequeno cumo a uns vinte metros sobor do nivel do mar. Está arrodeado polos ríos Mendo e Mandeo que o circundan polo Leste e Oeste confluindo cara ó Norde e xunguándose ó pé do núcleo pra formar a ría do seu nome ou tamén coñecida como Ría de Sada e Betanzos ou Ares e Betanzos.

Betanzos intégrase dentro da Comarca das Mariñas, que xunto coa de Ferrol e A Coruña compoñen o chamado "Conxunto Comarcal do Golfo Artabro".

Pro, fixémonos agora en Betanzos en sí; é dicer coma núcleo e a súa localización.

A ubicación concreta dun núcleo urbán, isto é, o lugar onde se atopa emplazado, ha de respostar á función que iste ten que desenrolar e polo tanto ámbolos dous aspectos están intimamente relacionados.

É evidente que a orixe ou nacemento de calquera núcleo urbán pódese deber a multitude de causas entre as que pode existir o predominio dalgunha en concreto e que será o motor de arranque pra un desenrolo posterior.

Si ben está claro que nalgúns casos foron as causas políticas ou económicas preponderantes, tamén é importante descubrir e recoñecer o aspecto físico e o conseguinte marco xeográfico natural no que se desenrolou un pobo e atopar nelo un punto de apoio pra o seu asentamento.

Dos aspectos xeográfico-físicos do núcleo de Betanzos, como xa se indicou, destacaremos dous puntos principais e de especial relevancia na súa ubicación, si ben moi relacionados: O seu asentamento sobor dun pequeno cumo e o feito de estar arrodeado por dous



## ASYSUM, S.A.

### Rectificación y reconstrucción de motores

2º Paseo de Ronda, 45 -49

Tels. (973) 24 84 66 - 24 71 42

Fax. (973) 23 09 88

cursos fluviais e a sua confluencia.

Como xa coñecemos por diversas investigacións históricas, non foi precisamente o actual, o primeiro emplazamento de Betanzos; a primeira ubicación, feita polos celtas tamén atopábase sobor dun pequeno cumo no marxe dereito do río Mandeo: o monte Tiobre, posición que perdurará ata o século XI, sendo o actual terreo, denominado Castro de Uncta o Untia, fortificación romana xungida por unha ponte que salvaba o Mandeo, ó entón núcleo.

Despois do incendio que arrasou por completo o primeiro asentamento, efectúase o traslado da poboación cara o lugar que hoxe ocupa; isto é, búscase un emplazamento enriba dunha elevación; a razón principal é evidentemente, e tendo en conta o momento histórico, a defensiva; inténtase atopar unhas condicións topográficas que presenten unhas boas posibilidades de protección e defensa contra as posibles invasións adquirindo así o cumo un importante valor; iso tamén favorece, dende outro punto de vista, un millor aproveitamento do sol, tan necesario nunha zoa con un alto grado de humidade.

Por outra parte, o feito físico de atoparse a carón de dous ríos que conflúen xustamente o pé desta pequena

elevación do relieve, indúcenos a pensar en primeiro lugar, que si ben un río resulta ser un elemento de defensa, xa que é un perfecto foso natural, tamén resposta á necesidade de asegurar o abastecemento de auga pra poboación, punto moi importante a ter en conta naqueles primeiros momentos do establecemento.

Agora ben, hai un feito que tampouco podemos esquecer ó estudar as causas do emplazamento de Betanzos: Esto é, a súa situación, ó mesmo tempo, na confluencia de dous ríos e inicio de ría. As ventaxas que isto comporta terán gran importancia xa que resulta ser o punto donde cesa a circulación fluvial o lugar mais axeitado pra un millor aproveitamento desta, a partires de donde o río xa non é navegable e donde, polo tanto, tense que proceder a un trasbordo beneficiando así en gran maneira o intercambio comercial.

Todo isto, xunto coa fertilidade dos seus vals, fixeron de Betanzos o lugar ideal buscado para o asentamento dun grupo humano e que gracias a súa estratéxica posición e condicións físicas excelentes fixo que perdurara e continuara o seu desenvolvemento a través de moitos séculos.



**VIAJES SAGITARIO, S.L.**

G.A.T. 567  
Avda. Madrid, 32  
Tels. 27 16 60 - 27 36 39  
25002 Lleida

**Su agencia de viajes con programación propia y salidas desde Lleida**

**"Viajes Sagitario"**

**A la hora de programar sus viajes de negocios o vacaciones confíenos sus viajes.**


**Experiencia-profesionalidad-eficacia-servicios**

**son algunas de las cualidades de nuestra agencia**

**Reserva de billetes para avión-tren-barco - Reserva de hoteles y apartamentos**



**BANCA CATALANA**



**SPORTS  
LIS**

*Articulos Deportivos*

Doctor Combelles, 36 (lado Colegio Episcopal)  
Tel. 26 27 99 - part. 23 53 87 25003 LLEIDA

**Desguaces**

**Abelló González, S.R.L.**

Tel. 24 21 28 part. Ctra. Nacional II, Km. 466,79  
25181 SOSES (Lleida)



Turbos i Equips d'injecció

**tot-diesel**

ASYSUM

C/ El Vallés, 13  
Tel. 23 05 82

25005 LLEIDA



PLATOS TIPICOS DEL PAIS

RESTAURANTE

**Can Rubies**

**ESPECIALIDAD EN CARNES  
A LA BRASA**

Instalaciones deportivas y polideportivo

Partida Butsenit - Tel. 26 14 81 - LERIDA

**Aplicaciones  
Mecánicas**

Construcción y reparación de maquinaria en general

Mecanizado y rectificado de piezas varias

Neumática - Hidráulica

Trabajos de torneado, fresado, tallado de engranajes

C/ La Fusta - Parcelas 27 y 28 - Teléfono 20 60 12 - Fax (973) 20 60 16  
Apartado 117 - LLEIDA



# Carta a Galicia

Benquerida Galicia:

Agora que estou lonxe de ti lémbrome de todo o que aí deixei e que espero voltar para xunto del. Aqueles agros, aquela eirexiña, o prado de baixo da casa no que tanto eu corría tras da Marela, as paredes do camiño da fonte sempre escuro, e bastante lonxe, a vella radio que riba da artesa descansaba, os escanos tras da lareira onde os nosos vellos dormían, os potes de tres pés onde cociamos os chourizos con cachelos o día de San Amaro, e moitas máis cousas.

Galicia, ti cos nosos escritores Rosalía, Pondal, Curros, Castelao, Celso Emilio, entre outros, cos teus grupos de gaitas, coas túas bandas, coas túas asociacións culturais que sempre axudan a cuidarte un pouco e aquelas rapazas que corrían e bailaban ó son das cantigas das vellas costureiras, sodes a miña vida.

Lembrarme quero de tódalas cousas que aí deixo, e para non botarme a chorar despídome xa.

Galicia, quérote moito

Xosé A. López V.

Un poema escollido:

## "Deitado fronte ao mar..."

*Língua proletaria do meu pobo  
eu fáloa porque sí, porque me gusta,  
porque me peta e quero e dame a gana;  
porque me sai de dentro, alá do fondo  
dunha tristura aceda que me abrangue  
ó ver tantos patufos desleigados,  
pequenos mequetrefes sin raíces  
que ó pór garabata xa non saben  
afirmarse no amor dos devanceiros,  
falar a fala nai,  
a fala dos abós que temos mortos,  
e ser, co rostro erguido,  
mariñeiros, labregos da linguaxe,  
remo i arado, proa a rella sempre.*

*Eu fáloa porque sí, porque me gusta  
e quero estar cos meus, coa xente miña,  
perto dos homes bos que sofren longo*

*unha historia contada noutra lingua.  
Non falo prós soberbios,  
non falo prós ruis e poderosos,  
non falo prós finchados,  
non falo prós valeiros,  
non falo prós estúpidos,  
que falo prós que aguantan rexamente  
mentiras e inxusticias de cotío;  
prós que sáan e choran  
un pranto cotidián de volvoretas,  
de lume e vento sobre os ollos nús.  
Eu non podó arredar as miñas verbas  
de tódolos que sofren neste mundo.  
E ti vives no mundo, terra miña,  
berce da miña estirpe,  
Galicia, dóce mágoa das Españas,  
deitada rente ó mar, ise camiño...*

De Celso Emilio Ferreiro - do ano 1962

## "Corredoira"

Corredoira dos meus sonos  
canto che voto de menos.  
¡Ai! quén che puidera ver  
dende o cume dos penedos.

Corredoira dos cruceiros  
camiño real dos outeiros,  
da santa compañía carreiro  
testemuña de moitos medos.

Do afiadador compañeira  
atallo das pescadeiras,  
do lagoeiro achegada  
que che coïda e aloumiña.

Ferida polas rodeiras  
dos carros que che camiñan,  
por loureiros perfumada  
en amores adobiada.

Corredoira pequeniña  
que na cancela rematas,  
deixa a tarabela aberta  
que me agardan na fiada.

Homildosa corredeira  
por carballos enramada,  
xa podes estar ditosa  
cos alalas das rapazas.

Corredoira pelengrina  
das romeiras feiticeira,  
a que unha vez te camiña  
volve máis namoradiña.

Do día que che atopei  
sempre me recordarei,  
que te puidera correr  
pra unha rapaciña ver.

Tantas cousas encontrei  
cantas ilusións perdín  
grandes amores deixei  
naquel intre que emigrei.

¡Ai! Naquela corredeira  
que marcou a nosa vida,  
pra de señañade chorar  
moi lonxe da nosa terra.

¡Deica sempre corredeiriña!

Venturiña Amar  
Do Porto do Son - Zaragoza Dic. 88

## Fonte da cova

*Esta Fonte da cova garuleira,  
xigantesca vaxina de pena caliza,  
en cada onda tráeme novas de ti,  
e en cada golforón dime por que existo,  
por que estou aquí,  
xunto ó vello muíño,  
agardándote  
espiollado.*

*Do corazón da rocha dura  
xorde xelada e cristalina  
nun enorme regueiro escumante,  
entoando cantigas aprendidas antano  
nos mesmos labios dos devanceiros mortos.*

*Ten un arredendo a paxaros e labregos,  
nados en lonxanas terras de ningures,  
e chega ó meus beixos con sabor a ti:  
noiva desexada*

*e  
nunca tida  
enteiramente.*

*Do fondo desta Fonte nemorosa,  
templo catedralicio da miña nenez,  
quixera verte xurdir algún día,  
núa, abrazada ás ovas verdecentes,  
coma se foras unha sirea de aguga doce  
e acabaras de copular cun somorgullo.*

*Fiz Vergada Vilariño  
Santalla de Lóuzara (Samos)*

Sr. Francisco Rubianes Arturo  
MEDICO ESTOMATOLOGO

CLINICA DENTAL

C/ Bruch, 23 entlo. 1º - Tel. 20 55 40 - 25001 LLEIDA

## «A forza da emigración»



A miña experiencia de emigrante -vai xa para vintecatros anos diso- levoume a darlle voltas a unha cuestión que, a suxerencia do Xulio, de escribir unhas verbas pra revista do Centro Galego de Lleida, permitírame expoñela á reflexión de todos aqueles que teñan o desexo e a paciencia de chegar ata o fin deste miúdo artigo.

Refírese ó papel que xogamos os galegos de fora, de cara a axudar no esforzo de conquistar unha Galicia mellor para os nosos fillos. Con moita frecuencia, máis da que un é capaz de considerar normal, tiven que escoitar o consello, ou reproche (iso aínda nono entendo demasiado ben), de que os que non estamos todo o ano na terra non temos dereito a criticar as cousas que pasan alí, sen chegar a entender que, en moitos casos, a lexanía é un factor que se converte en catalizador de sentimentos non só nostálxicos

senon que, ademais, permite levar a cabo un xuício moito máis obxectivo co que se poida facer sen ter referentes cos que se comparar.

E por iso que quero aproveitar esta ocasión para, dende ise desexo de mellora-las cousas da nosa Galicia, reivindicar non só o dereito a opinar, senon que me erixa en representante dos que coidamos que, as propostas de todos aqueles que teñen contacto con outros tipos de sociedade, deberán axudar ó fomento de novas iniciativas (en moitos casos xa experimentadas nos seus puntos de residencia) que se convertirán, dese xeito, en apoios moi estimables de cara o necesario desenrolo económico, político e social. Algúns xa hai tempo que nos demos conta que, recoñecendo as bondades da nosa terra (que son moitas nadie debe de poñélo en dúbida), chegamos o convencemento de que non é o único currun-

cho do mundo donde se pode ser ditoso, senon que, aí é donde hai que poñer-lo esforzo; cada anaco de terra -de calquera parte do mundo- móstranos un amplo abano de posibilidades, das que moitas pódense tentar de levar o séo da estrutura galega.

Do dito ata agora, poderíase sacar a conclusión que a min paréceme máis importante pensando nos que van a ter istas follas nas súas mans: nós non podemos seguir mantendo a posición persoal de que as visitas que fagamos a Galicia han de ser samente pra ir a praia ou o río, come-lo pulpo na feira e botar unhas pezas na festa da aldea. Iso por suposto que hai que facelo, pero sen esquecer que as obrigas de traballar pola Galicia dos nosos sonos son de todos os galegos, os de dentro e os de fora, e que temos non só o dereito senon tamén o deber de achega-lo lombo cando a situación o requira. Aí está a verdadeira forza da emigración.

Por hoxe paréceme que xa está dabondo, así que o único que podo é desexar que o esforzo do meu amigo Xulio véxase coroado polos triunfos nos tempos vindeiros, e que o seu exemplo sirva para que outros axuden nesa tarefa de ir facendo, cada un dende o seu eido, isa nova e moderna Galicia coa que todos soñamos.

Unha forte aperta para todos.

Gonzalo Jar Couselo

# "A la Virgen del Rosario de La Coruña"

Poesía galardonada con el premio de  
"La Caixa" en el Certamen Mariano 1988

I

En nidos de sal marina  
posó su cuna, esperanza.  
¡Quién me diera amigo mío,  
arrullarme en tales pajas!

Mágico nombre,  
de rezo, de Rosal fresco: ROSARIO  
¡Quién me diera, amigo mío,  
que el Hijo que lleva en brazos  
me cediera, me prestara...  
un rincón de su Regazo!

Tiene en la mirada nácar,  
brillos de mar irisada.  
¡Quién me diera, amigo mío,  
ser irisación del agua!

De su Mano y la del Niño  
se escurren camelias blancas:  
Quince misterios perfumen  
un temblor de aire trenzado.  
¡Quién me diera, amigo mío,  
ser el perfume inmolado!

II

Con bruma y nieblas barrocas  
le hacen dominica casa  
y en sus centenarios ecos, un dulce  
(orballo gallego  
misterios gozosos canta.

Ya se han ido inglesas voces.  
Suena la gaita.

¡Silencio!  
Que la brisa pone dedos  
en los labios de Brigantia  
y con finísimas hebras  
teje a escondidas su llanto.  
Callaos, que...  
ROSARIO del Rosal rosa  
trocó sus camelias blancas  
por siete fríos de invierno  
que atraviesan su costado.

Mudas filas: "Caladiños" en procesión  
(de azabache.  
*Misterios de dolor* mudo. Sepulcro de  
(Viernes Santo  
Mi flor de arrepentimiento  
prendida en su triste manto.


Ya un restriego de ojos tibios  
se asoma a La Madrugada.  
Párpados llenos de asombro.  
Breve aleteo de pájaros.  
¡Campanas de la Torcida  
retorceos más si cabe!  
que a sus pies de larga noche  
*misterios de gloria* estallan.  
¡Sólo vestigios de "Hombre"  
quedan en la Santa Sábana!

III

¡Ay! calles de La Coruña:  
Perlas de la Ciudad Vieja, de Pescadería,  
(Ensanche  
Barcas de Orzán y Marola,  
autobuses, transatlánticos...  
Vuestro discurrir es lecho  
libre de malos presagios  
y las graníticas losas,  
espejos de lluvias blandas.  
Porque...  
si bien siempre recogida  
rosa del Rosal: ROSARIO,  
es Faro de tal potencia que ni Hércules  
(lo soñara.  
Luces de más de mil pétalos  
descolgados de sus Manos  
Los ventavales amainan,  
pues son ropaje oloroso de ciento  
(cincuenta blancas  
camelias, ya deshojadas.

En nidos de sal marina  
Faro de esperanza, vela.  
¡Quién me diera, amigo mío!  
¡Quién me diera! ¡Quién me diera...!  
que un destello atomizase  
las acantiladas rocas  
de mis tinieblas.

*María Rosa González Mahía*  
(Lleida)



## Trans Perymar, S. A.

TRANSPORTES: NACIONALES E  
INTERNACIONALES

Tels. (973) 24 05 34 - 24 50 86

25004 LERIDA

# LA PAERIA



AJUNTAMENT DE LLEIDA

## ESCOLES MUNICIPALS, UN SERVEI CULTURAL AL CIUTADÀ

**Aula de Teatre:** C/ Obradors, 6 - Tel. 26 83 18

- Teatre per a nens
- Formació de l'actor
- Cursos Monogràfics i Tallers


**Conservatori de Música:** C/ Sant Anastasi, 1 - Tel. 26 45 15

- Cursos d'iniciació al solfeig per a infants
- Esudis de solfeig: elemental i professional
- Estudis de piano
  - violí
  - guitarra
  - flauta travessera
  - violencel
  - saxòfon
  - clarinet
  - acordió
  - Oboè (en projecte)
- Estudis de cant
- Cursos "Música a l'abast de tothom", adults afeccionats
- Concerts a càrrec dels alumnes


**Escola de Belles Arts:** C/ Cavallers, 15 edifici "El Roser" - Tel. 27 09 95

- Monogràfics: Dibuix i pintura
  - Ceràmica
  - Plàstica per a infants
  - Fotografia
  - Vídeo
  - Serigrafia
- Especialitats: Pintura
  - Escultura

# ENHER RESPON



TRUCADA



GRATUÏTA

900 33 33 30

## SERVEI LÍNIA OBERTA

ENHER posa a la seva disposició un equip d'especialistes que li resoldran per telèfon qualsevol gestió que necessiti fer.

Ara, còmodament, matí i tarda, sense desplaçaments i gratis, pot utilitzar el nostre servei.

- Contractació del subministrament.
- Domiciliació bancària dels pagaments.
- Modificació de dades de l'abonament.
- Recepció de lectures de comptadors.
- Regularització de facturacions.
- Informació sobre aplicacions elèctriques, tarifes, modalitats de facturació i altres serveis de la companyia.

 **enher**  
Una bona companyia.